



CONCELLO DE  
OLEIROS

> PERSOAL E RRHH

### RESOLUCIÓN

Despois da tramitación dunha demanda ante o Servizo Público de Emprego de Galicia (12-2024-1544) para a contratación laboral temporal dun/ha operario/a de servizos-condutor/a, publicouse na páxina web do Concello un anuncio para permitir tamén a libre concorrencia de persoas –xunto coas seleccionadas polo servizo de emprego sinalado- cun prazo de presentación de solicitudes que rematou o pasado 23 de febreiro.

A contratación veu motivada pola substitución da persoa titular do posto por atoparse na situación de incapacidade temporal (IT).

Tendo en conta que esta persoa xa non está en situación de IT por producirse a súa reincorporación ao posto de traballo desaparecendo, polo tanto, as causas que motivaron a apertura do proceso, faise necesario anulalo.

No exercicio das facultades atribuídas ao alcalde polo art. 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que p.d., en virtude do decreto do alcalde núm: 2023003281, do 21 de xuño, corresponden a esta tenencia de Alcaldía;

### RESOLVO:

- 1.- Anular o proceso de selección para a contratación temporal dun/ha operario/a de servizos-condutor/a, por desaparecer a causa que o motivou téndose incorporado efectivamente o titular do posto despois dunha situación de incapacidade temporal.
- 2.- Deixar sen efecto todas as actuacións realizadas ata o momento no dito procedemento.
- 3.- Publicar esta resolución na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola segunda tenente de alcalde delegada de Persoal en funcións, e o/a Secretario/a accidental, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

